



Paraiso
entre rios

PADERNE MAIO 2018

INFORMACIÓN MUNICIPAL

A Xunta establece a data do 31 de maio como límite para a limpeza das franxas de seguridade

Como xa viñemos recordando en pasadas datas, a Xunta de Galicia está a aplicar a Lei na que se especifican con claridade as franxas a desbrozar arredor das casas, zonas industriais, gasolineiras, casas illadas ou vías de comunicación, ademais de definir responsabilidades e prazos para o seu cumprimento.

*Este ano, e co fin de prever a devastación provocada polos incendios na pasada tempada, adiántase a obrigatoriedade de limpeza das parcelas, poñendo como data límite o **31 de maio** para que os propietarios desbrocen as parcelas que se atopen dentro as franxas de seguridade que contempla a Lei e que está tipificada en **50 metros** de distancia a núcleos de poboación e casa illadas.*

Esta Lei, especialmente rigorosa, non exime de responsabilidade ó Concello que está obrigado a velar polo seu cumprimento xunto coa Garda Civil, a Policía Autonómica, a Policía Nacional e o persoal de Medio Rural, o que dá unha idea da importancia que, desde as distintas Administracións, se lle está a dar a este problema.

Debemos sinalar tamén que no cumprimento da Lei cobran especial relevancia as sancións que contempla; estas, poden ser moi elevadas en función de varios supostos, tipificados estes segundo



o caso e gravidade indo desde 100 €, para sancións leves, ata 100.000 € no caso máis grave.

A preocupación pola vida das persoas que o lume moitas veces se leva por diante, as vivendas que destrúe e a devastación do medio ambiente coa súa fauna e flora, obriga a que todos poñamos os medios para a súa protección e coidado.

*Así, volve a recordarse, que a limpeza de fincas e montes ou o cumprimento das distancias de seguridade que contempla a Lei, convértense en medidas imprescindibles para a súa protección, sendo os propietarios, arrendatarios, usufrutuarios **ou titulares de terreos, os responsables directos do seu cumprimento.***

Espero contar coa túa comprensión e colaboración para o cumprimento da Lei.

O teu Alcalde

VII Asemblea da Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade e Xornada "Especies exóticas invasoras: risco para a biodiversidade"

Celebráronse o día 18 de abril en Madrid. Ademais de decidir os proxectos e actuacións a abordar durante este 2018, déronse a coñecer os avances realizados polos grupos de traballo, a nova páxina web da Rede e os contidos dos acordos de colaboración asinados. As xornadas resultaron ser un foro moi interesante no que, coas aportacións dos expertos presentes, se valoraron as mellores alternativas para o control e erradicación das especies invasoras.



Grupo de traballo das xornadas "Especies Exóticas Invasoras: risco para a biodiversidade"

II Xornadas Internacionais de Educación Ambiental

O Alcalde de Paderne e Vicepresidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, estivo presentando e moderando a mesa de traballo: "A Educación Ambiental e as Reservas de Biosfera" que contaban coa intervención de Sergio Guevara Sada, coordinador da Cátedra UNESCO-UNITIWIN Reservas da Biosfera en Ambiente Urbano e presidente da Rede Unesco Ibero-MaB de México, con Diego López Pedreira, biólogo da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, con Carmen Borodio Vázquez, coordinadora dos programas de educación ambiental do CEIDA, con Alexandre Nevsky Rodrigues director nacional do Ambiente de Cabo Verde, con Ana Alice Pina, directora rexional do Ambiente e Conservación da Natureza de Illa Príncipe e con José Antonio Santiso Miramontes, presidente da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e Alcalde de Abegondo.



O Alcalde na presentación e moderación da Mesa de traballo das Xornadas

XVI Festa Dos Maiores

Celebrouse o pasado 28 de abril; unha cita pensada especialmente para os maiores ós que o Alcalde convoca cada ano no polideportivo municipal. Despois tivo lugar a Santa Misa cantada pola Coral Albeiro de Velouzás, segueulle o acto de homenaxe ós maiores e a comida trala cal houbo o sorteo de regalos e un animado baile.

II Edición da "Primavera no Camiño Inglés"

Tivo lugar este pasado día 5 de maio. Os alcaldes e representantes dos 18 municipios polos que pasa o Camiño Inglés estiveron na Praza de Irmáns García Naveira de Betanzos promocionando esta ruta de gran importancia para os concellos polos que discorre pola súa riqueza cultural e económica. O Concello de Paderne, xunto con outros atractivos que ofrece ó visitante, destacou a importancia do seu Branco Lexítimo.



O Presidente da Deputación da Coruña, a Directora de Turismo de Galicia e os alcaldes dos 18 municipios polos que pasa o Camiño Inglés

Coworking Paderne

Por un importe total de **57.152,73 €**, vense de solicitar financiación para a realización do proxecto "**Coworking Paderne**" que contempla o establecemento dun espazo de traballo compartido na antiga escola unitaria de Souto no que distintos profesionais independentes, emprendedores ou pequenas empresas, teñan á súa disposición un espazo laboral físico, fomentando, con esta iniciativa, a colaboración entre profesionais. A axuda para a realización deste proxecto ven de solicitarse a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural trala aprobación das bases reguladoras para a tramitación destas axudas ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

Paderne mira ao mar

Por un importe total de **17.545 €**, vense de solicitar financiación para a realización do proxecto "**Paderne mira ao mar**" que consiste na elaboración dun spot promocional de 2,30 minutos de duración, así como dun vídeo promocional do entorno natural do Concello de Paderne de 18 minutos. Os dous teñen por obxecto amosar o entorno natural do Concello, o Camiño de Santiago ao seu paso por Paderne así como as actividades económicas máis importantes, todo elo orientado e amosando o Paderne ao mar. A axuda para a realización deste proxecto ven de solicitarse á Consellería do Mar a través da Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

Solicitudes á Deputación da Coruña

A través do programa *Limpeza de praias*.- Unha axuda de **17.093,10 €** para a contratación de **5 peóns** que realicen os traballos básicos de limpeza e mantemento dos accesos ás praias en período estival.

A través do *Plan de Emprego Local (PEL)*.- Unha axuda de **24.959,52 €** para a contratación de **4 peóns** por un período de 6 meses e cubrir así os servizos mínimos municipais como limpeza de zonas públicas, mantemento do servizo municipal de auga potable ou da rede de sumidoiros, entre outros.

Xornada dirixida a mulleres con cancro de mama

Terá lugar o día **24 de maio** de 16:00 a 20:00 horas no Pazo de Mariñán. Diversos especialistas en oncoloxía, xinecoloxía, psicoloxía, fisioterapia, dermatoloxía, enfermería e socioloxía, falarán coas asistentes sobre moitos dos aspectos e preocupacións que esta enfermidade xera así como os cambios tanto físicos como psicolóxicos que conleva.



Axudas da Deputación da Coruña

O Concello, a través de subvención nominativa da Deputación da Coruña por un importe de **120.000 €**, vai a realizar a obra de "**Mellora e ampliación da traída de augas municipais, saneamentos municipais e depuradoras municipais**" mellorando a rede de abastecemento domiciliario de auga potable, de saneamento e de depuradoras que permita dar resposta ás necesidades dos veciños así como arranxar e mellorar a rede existente.

Estas obras contemplan varias **actuacións na traída de augas municipal** destinadas a facilitar un bo abastecemento ós veciños, nas que a ampliación e posta a punto das infraestruturas existentes, poidan previr situacións tan complicadas como as da anterior tempada na que a seca obrigou a todos a adoptar medidas responsables no seu consumo.

Así, nela están incluídas a ampliación da traída de augas de Obre e Paderne, a mellora da traída de augas da parroquia de Velouzás e a mellora da traída de augas de Souto; tamén está contemplada a substitución de bocas de rego en diversos puntos da traída ó seu paso polas parroquias de Areas, Quintas e Souto así como a reparación do depósito de Souto.

O Concello, no seu empeño en dotar a tódolos fogares dun servizo óptimo e prever situacións excepcionais como as sinaladas anteriormente, está a adoptar tódalas medidas necesarias para coidar o abastecemento, destinando, parte dos recursos propios, á mellora e captación de augas que se realizará no lugar do Casal, priorizando así este servizo sobre outros que non son tan fundamentais para o noso desenvolvemento.

Outra das actuacións destinadas á mellora do abastecemento de auga é o convenio asinado coa Deputación da Coruña para a ampliación da traída de auga no Eirovello, e para a realización de captacións de auga na Fraga e no Pedregoso.

Todas elas, medidas destinadas a solucionar unha preocupación dos veciños e cumprir o compromiso de servizo establecido buscando os medios e recursos necesarios para acadar este fin.

Tamén, e dentro da subvención nominativa, están contempladas as **reparacións nas depuradoras** de todo o termo municipal co fin de mellorar o tratamento dos residuos e facilitar a posta a punto destas instalacións.

Todas as obras previstas; as contempladas con cargo á subvención nominativa por un total de 120.000 €, a financiada polo Concello por un total de 33.385,32 €, a realizada a través do Plan Provincial de Medio Ambiente por un importe de 8.635,87 € e a realizada a través de convenio coa Deputación por un importe de 96.178,44 €, fan un **TOTAL de 258.199,63 €** en inversións en AUGA para o benestar dos nosos veciños.

Programa da Mostra do Branco Lexítimo 2018

Sábado 9 de xuño de 2018

- 11:00 h.- **Apertura da Mostra. Misión Biolóxica:** Rastro xenético
- 12:00 h.- **Fundación Juana de Vega:** Adaptación ó terroño
- 13:00 h.- **Escola de Capacitación Agraria de Guísamo:** Comportamento no campo
- 14:00 h.- **Sesión vermú.** Degustación: **Mexiloadá**
- 17:00 h.- **Evega:** Potencial enolóxico
- 17:30 h.- Concerto da **Coral Lembranzas** na capela de Esperela
- 18:00 h.- **DOP Cangas:** A Albarín asturiana
- 18:15 h.- **Demostración de punto de cruz** no stand de **Velouzás** dirixido por **M^a José Pérez Río**
- 18:45 h.- **Obradoiro de trampas para velutinas** con material reciclado e preparación de atraíntes no stand de **José Manuel Souto Becerra**
- 19:00 h.- Cata de **Viños da DOP Cangas** a cargo de **Luís Paadín**
- 19:15 h.- **Demostración de pintura** a realizar polas alumnas dos talleres municipais de **Souto** e **Paderne** que asistiron a esta actividade durante o curso 2017-2018
- 19:45 h.- Degustación de tes e infusións de Paderne a cargo da empresa **Orballo**
- 20:00 h.- Obradoiro para nenos no **lagar de Esperela**. Hai que apuntarse previamente. Prazas limitadas
- 22:00 h.- **Peche** da xornada.

Domingo 10 de xuño de 2018

- 10:00 h.- **Apertura da Mostra.** Saída dos corredores inscritos na **I Carreira Trail do Branco Lexítimo Paderne**
- 11:00 h.- **Cata de viños** da I.X.P. para a Guía de Viños de Galicia 2019 de **Luís Paadín**
- 12:00 h.- Entrega de trofeos **I Carreira Trail do Branco Lexítimo Paderne**
- 12:30 h.- Acto de nomeamento dos novos **Embaixadores do Branco Lexítimo**. Entrega de medallas ós Embaixadores de 3 anos de antigüidade. Charla de **Luís Paadín**
- 13:30 h.- **Pregón.** Visita ós stands
- 14:00 h.- **Sesión vermú.** Degustación: **Mexiloadá**
- 17:00 h.- Degustación de tes e infusións de Paderne a cargo da empresa **Orballo**
- 17:30 h.- Concerto da **Coral Alcoa-Inespal** na capela de Esperela
- 18:30 h.- Obradoiro para maiores no **lagar de Esperela**
- 19:30 h.- **Demostración de encaixe de bolillos** no stand de **Viñas**
- 20:00 h.- Obradoiro de extracción de mel no stand de **José Manuel Souto Becerra**
- 22:00 h.- **Remate da Mostra**

Inchables gratuítos para nenos - Música tradicional por toda a aldea
Exhibición canina realizada por Octavio Villazala

www.concellodepaderne.com

Inscripcións para a participación na **II Carreira Trail do Branco Lexítimo Paderne**
 na páxina web: www.brancolexitimo.galitiming.com

V Mostra do Branco Lexítimo

9 e 10 de xuño de 2018

Esperela Paderne

Sesión vermú e mexiloadá


II CARREIRA-TRAIL do Branco Lexítimo

Organiza:



CONCELLO DE PADERNE
www.concellodepaderne.com

Colaboran:



Actividades variadas

Catas de Branco Lexítimo
Charlas especializadas
Alimentación · Artesanía
Maquinaria comercial
Concertos e animación de rúa
Actividades para nenos
Exhibición canina



Excursión a Salou

24, 25, 26, 27, 28 e 29 de setembro 2018

SALOU
TARRAGONA
BARCELONA
REUS
SITGES
EL VENDRELL
CAMBRILS

- Hotel de catro estrelas
- Guía acompañante desde Paderne
- Guía oficial en Tarragona e Barcelona
- Incluída visita a unha adega con degustación
- Comidas polo camiño incluídas
- Seguro de viaxe

Prezo: 362 €
20 €/habitación individual/noite

iii Apúntate antes do 31 de maio !!!

100 € de reserva de praza